

Se algo sei é que o meu corpo non me pertence. Xa o dixera Platón, somos almas que buscan unha perfección e os nosos corpos o que as ata á terra. Se fose verdade que o meu corpo me pertence, eu podería velo máis alá dun reflexo. Un reflexo que me ensina o que el quere. Como vou querer algo que non podo ver? O culpable de que eu non poida voar. Aínda que non me malinterpretedes, eu non culpo ós vosos corpos, porque son eles os que me permiten coñecer as vosas almas. Corpos envelenados por almas impuras, o meu maior pesadelo, almas libres voando por todo o universo, o meu maior soño. Cedes que as almas poderían voar por si soas? ou, comunicar o seu odio? Eu simplemente creo que unha alma non pode odiar. A miña pobre alma atormentada por algo tan imperfecto e inestable, ela forte e o meu corpo tan fráxil. Ti sempre inmortal, tras a morte do meu corpo, seguirás voando, atopando nalgún punto outra alma á cal unirte.